

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

*nº 19 (2023): Adalid Rodríguez, Rafael José: Mitos, lendas e contos da mazá,
universalización e Galicia*

Mitos, lendas e contos da mazá, universalización e Galicia.

Rafael José Adalid Rodríguez

Revista de investigación de Galicia Encantada (ISSN 1887-2859)

Resumo.

A continuación expónse un pequeno estudo sobre o papel que encarna a mazá nas múltiples lendas, mitos e contos propios da literatura histórica e fantástica. Paso previo á conclusión, tratamos a importancia outorgada en múltiples culturas entorno ao froito, analizamos a súa presenza nos textos, a función exercida ao longo da historia ao abeiro das narracións, o simbolismo outorgado, o arquetipo adquirido. Circundamos as sociedades grecorromana, celta, nórdica e aquelas outras que abrangue a abrahámica, a fin de determinar o contexto que protagoniza e o seu significado. Despois de atravesar as narracións populares, centraremos a atención en Galicia, desta forma concluiremos puntos en común, crenzas primixenias, sucesos compartidos e análises que proporcionan unha comprensión histórica entorno ao froito e as narracións do medio ou entorno do que formamos parte.

1. **Primeiros cultos á natureza.**

Entre esas fases da orde primixenia que engloba a creación da orbe, nace o ser humano. Rodeado polos demais membros da tribo, bota a andar polo mundo adiante na procura de alimentos. Após da recolección e a caza, a forma de sustento máis primitiva, vén a agricultura e a gandería, pero a pesar de que crecen os eidos dos que poder subtraer máis alimentos, non abundan nin sacian as necesidades primitivas. Non obstante, os encargados de recoller o sustento danse conta de quen realmente proporciona o equilibrio natural, quen sacia a sede e outorga comida sen esperar nada a cambio. As sociedades máis ancestrais non poden agardar a que a natureza deixe de dar, non se poden permitir deixar de recibilos, débese ser recíprocos e agradecidos. Xorden pois determinados bailes, danzas e outras formas de veneración, que rematan por seren outorgadas a símbolos naturais como árbores, a determinados elementos acuíferos, aos astros máis predominantes e a outros varios como forma de gratitude.

O ser humano, quen convive en comuna cos outros membros da súa especie, sente a necesidade primixenia de comunicar. Nese proceso de relación danse lugar aportes á interpretación da natureza e a intentar dar definición á construción e causa do seu ser. Noutras palabras, desexa explicar sucesos que aclaren o sentido da súa vida, o motivo da súa presenza neste mundo e máis dos restantes elementos naturais. Digamos que nace a imaxinación, como resultante da conxunción do razoamento e a expresión, á que se une por momentos a emoción. Buscan aos creadores da vida, da natureza, a eses seres superiores a quen lles outorgar a primoxénita enerxía. Dado que as persoas honran aos elementos naturais, rematan por divinizarlos e a veces, con esa capacidade creativa, relaciónase un elemento cunha figura divina. Neste senso, a maceira e a mazá non ficaron relegadas a un plano distante, pois en varias culturas existe un ser mirífico ou outro narrativo capaz de ocupar ese oco. Numerosas narracións comeza a xurdir, expostas ante o fluxo constante do tempo mudan e toman forman. Omisións, engadidos e alteracións son inherentes á oralidade, principal medio de transmisión deste compendio. Dentro das unidades literarias, son cuantiosas as que encerran o elemento a estudo; a fin de comprender o xa exposto, centrarémonos nelas en exclusividade.

Un dos rexistros máis antigos que trata o culto ás árbores aparece en Caldea. Adoracións que non eran únicas e exclusivas desa área xeográfica, a convivencia remite a outras civilizacións tan antigas como a asiria, exipcia, persa, hindú ou aquelas que xurdiron en Acadia. Espazo este último onde, o seu Deus principal Ea, estaba vinculado co cedro sacro. Idolatría proferida e outorgada en Babilonia mediante a Deusa nai Istar, asociada á arbore sagrada.¹

Non se debe obviar ou omitir as árbores sacras, aquelas que con frecuencia adoptan cualificadores como a do coñecemento, a do ben e a do mal... mesma nomenclatura que se representa en infinidade de culturas. Tingue dende a tribo máis pequena, a unha das máis numerosas como a abrahámica nas súas variadas vertentes. O fin,

o mesmo, explicar aspectos significativos e de importante relevancia dentro do seu abrigo.

Polo tanto, para concibir e comprender o concepto finalmente outorgado polo devir dos séculos e das sociedades, o primeiro punto de partida ao que debemos prestar atención é aquel que se sitúa ao carón do asentimento mitolóxico e/ou relixioso. De ambos se sacan historias que nos remiten á orixe, en consecuencia, a unha primeira creación. O análise deses documentos escritos, desvelará a aparición da mazá, pigmentada por unha base dogmática previa, establecida por parte dos seus creadores e consecuentemente a través da visión da sociedade na que residían. A mesma que constituiría a base da narrativa oral e escrita da cultura na que estaban inmersas.

1. **A mazá no ámbito relixioso e mitolóxico.**

1. **Ámbito relixioso.**

O antigo testamento é compartido na fe xudaica, cristiá e mais mo islam. Polo tanto, se comezamos por analizar os escritos comúns que sustentan a raíz das relixións abrahámicas, visualizamos que son múltiples os espazos nos que atopamos a referencia de cara ao coñecido como froito sagrado. Non nos referimos á acepción popularizada do pasaxe de Adán e Eva, parcialmente equívoca por non existir neste apartado ningunha mención á mazá de forma explícita. Acto que pode deberse a unha mala tradución/interpretación ou por darse sobreentendido per sé; pero que finalizaría por converterse nun símbolo aceptado no día a día daqueles que profesan a relixión. Se ben, é certo que nesta historia se alude ao famoso xardín, que é o paraíso das delicias; a árbore ou froito da vida atópase no Edén, que equivale en grego a algo como un xardín comfortable.

Para estudosos da temática, este mito goza dunha gran importancia, algún expón que estas dúas figuras simbolizan á humanidade primitiva, o paso do estado de inconsciencia a conciencia, do homínido ao homo sapiens.² Pois despois de comer o froito da árbore prohibida, a do coñecemento, adquiren consciencia das súas debilidades, perigos e morte. Aproveitan o saber e coas follas da figueira elaboran produtos para non ficaren espidos. Gañan coñecemento e perden a inocencia ou inconsciencia. Xurde o homo sapiens e o homo habilis.³

A pesar de todo, a aceptación da mazá neste paraxe por parte do vulgo é común, a relación outorgada inclúe ata as festividades. A famosa árbore de Xesé, como forma de preparar o advento, onde a cada día lle corresponde unha lectura bíblica, garda unha tradición que versa sobre a xenealoxía de Xesús, profecías e outros pasaxes bíblicos coa que se decora a citada. Clara referencia á Xénese 3, 1-13.

Se procedemos co análise do Antigo Testamento, nos proverbios de Salomón, atopamos a cita 25:11, onde se menciona a uniformidade dunha mazá de ouro con figuras de prata, coa palabra bendita. Vemos aquí que se establece unha similitude de tesouro/fortuna/valor coa palabra acertada, ademais dunha referencia ao froito

áureo. Aspecto que non debemos pasar por alto, ao estar presente en narracións doutras xeografías como na afamada Grecia.

No apartado de Cantares 2:3, expónse que despunta unha maceira entre as árbores silvestres, o que pon de manifesto que é especial, singular, capaz de diferenciarse das demais. A posterior, menciónase o froito doce que sente no padal, e chega a pedir que a refresquen con mazás por estar enferma de amor. A pesar de que algúns a enmarquen como antigo símbolo de paixón, non se nos debe esquecer que é sustentadora de vida. Deste xeito, en Cantares 8:5, preséntase a árbore como espazo de creación da mesma. En Cantares 7-8, equipáranse os peitos con acios de uvas e o alento, con aroma de mazá. Ambos os dous constitúen xunto coa figueira, os froitos relixiosos máis popularizados.

O profeta menor Xoel, no seu libro 1:12, establece un símil ao tratar a perda dos praceres dos sentidos co intre en que se esvaece as árbores e máis os froitos. Entre os que se atopa a maceira e a poma. De aquí dedúcese a equivalencia da mazá con pracer e cos sentidos.

Como é obvio, a relixión gozou dunha importancia social moi ampla, está pois inmersa en moitos campos. De forma notoria, as lendas haxiográficas e pasaxes bíblicas toman transcendencia e rematan por copar os estamentos artísticos. A san Antón Abade, simbolízase coa mazá, como resultado das tentacións que se encarnan na súa lenda adscrita. Aparece así representada en: As tentacións de san Antonio, taller de El Bosco, de comezos do século XVI.⁴ Encamiñados no mesmo derroteiro, a xilografía de Jost Amman en *De conceptu et generatione hominis* de Jacob Rueff, impreso en 1587 constitúe un esqueleto, que ben pode ser a morte, ao conformar o tronco da árbore do paraíso; mentres Eva arrinca o froito.⁵ A connotación voluptuosa/sexual denótase na obra: Xogos bufonescos na corte do príncipe, de Dosso Dossi, aí hai unha dama que leva unha bandexa cun queixo e mazás ao carón do seu peito descuberto, considerándose a escena como afrodisíaca.⁶

En resumidas contas, o tratamento outorgado abrangue os puntos de pracer, paixón, vida e valor. Incluso podemos aceptar o de pecaminosa ou tentadora.

1. 1. Mitoloxía grecorromana

Tratamos no punto anterior a adquisición de coñecemento ao probar a poma prohibida. Neste mesmo senso, debemos aludir ao mito grego de Prometeo, que é quen escala o ceo até o Olimpo, para roubar o fogo divino de Zeus e dotar aos homes do mesmo. Paralela a esta, outra versión apunta ao envío por parte del dunha aguia, coa finalidade de propiciar o furto. Noutra, múdase o terreo do Olimpo polo das fraguas de Hefesto. Sexa como for, Jean Markale, establece semellanzas entres estas dúas e volve falar dunha posible reminiscencia do paso do homínido ou homo habilis ao homo sapiens.⁷ Ingredientes que confirman a ambos como símbolos representativos da obtención da conciencia/coñecemento/evolución.

Os mitos parécense. Se o Deus bíblico coloca querubíns no momento en que expulsa á parella humana no oriente do xardín do Edén, á par dunha espada de lume; as hespérides vixiaban as mazás de ouro e as árbores que a producían, esas mesmas que outorgaban vida. Ademais, o dragón Ladón, antes de ser vencido por Zeus, realiza a mesma función.⁸ Se prestamos detalle, o que vixiaban as ninfas e ese ser dos ofidios é aquilo do que se fala nos proverbios de Salomón.

Se as narración que sitúan un inicio conteñen semellanzas, pode que o símbolo así o faga. Ao par das relixións abrahámicas, na cultura grecorromana a mazá convértese en símbolo de sedución sexual. É o obxecto da discordia no afamado relato grego da mazá de ouro, narración na que se lle pedía a Paris que elixira a deusa máis fermosa coa entrega da susodita. O protagonista decantouse por Afrodita. Tal acto propiciaría o enfado das restantes deusas e por consecuente a guerra de Troia.⁹ Representada tamén na arte, no cadro do Xuízo de Paris de Rubens, no que se personifica a Venus co protagonista entregando a mesma. O froito contiña unha mensaxe: para a máis fermosa. Inscrición que aparece no cadro co motivo do mesmo mito en: A deusa con sombreiro de lansquenete de Niklaus Manuel Deutsch.¹⁰ Acidalia, Afrodita ou Venus, mesmo ser celestial pero con distinta nomenclatura, aparece simbolizada en diversos lugares coa mazá. Lembrar que, a deusa eslava Siba represéntase cun acio de uvas nunha man e unha mazá na outra.

Esta última historia narrada, representa para Bettelheim aos mortais que, na súa condición, sempre están supeditados á vontade dun ente superior. Ao explicar que, con frecuencia os mitos implican demandas do súper-eu en confrontación coa acción motivada do ello e a autoprotección do eu.¹¹ Dado que, se non obedece ao mandato de Zeus, sería castigado polo máximo deus; se por contra fai caso, remataría sendo sancionado polas outras.

A mazá áurea é motivo de disputa. Noutra narración, na cal se presenta á deusa da discordia Eris como protagonista, déixana como a única deusa do Olimpo que non foi convidada á voda de Peleo e Tetis. A deusa, como forma de vinganza, arroxa unha mazá de ouro, o que remataría por propiciar un distinto primeiro orixe da guerra de Troia.

Como vemos, as historias de Eris e a de Paris e Afrodita inician as guerras de Troia. Pero non son as únicas, tamén hai outra máis, que sucede a consecuencia de que Paris raptase a Helena, esposa de Menelao. Non obstante, moi probablemente as famosas guerras puidéronse deber a que Troia estivese situada no estreito dos Dardanelos e controlase o paso de toda as naves, ás que lles facían pagar un tributo. Polo que se aliarían todos os gregos contra a cidade de Troia.

Engano ou picaresca, poden ser os adxectivos que enmarquen á mesma nos seguintes sucesos: En Delos, no templo de Ártemis, todo o que se dicía en voz alta era sinónimo de xuramento. Polo que Acontio, para

conseguir a aceptación como parella de Cídipe, lanzou unha mazá cara os pés da moza, na que permanecía un xuramento escrito que, sen esperalo, ao lelo en voz alta, prometía desposar a Acontio. Ela tirou a mazá en sinal de rexeitamento e intentou casar varias veces, pero a deusa, ofendida por non cumprir a promesa, fíxoa enfermar gravemente antes de se celebraren as súas vodas. Ao final, Cídipe, casaría con Acontio.¹²

Melanión ou ben Hipómenes, depende da versión, logra vencer en carreira a Atalanta, que promete casarse con aquel que a superase nese exercicio. Consigue o trunfo grazas á axuda de Afrodita, que lle agasalla unhas cantas mazás de ouro que el deixa caer ao chan cada vez que vía que ía ser adiantado pola mesma, quen se detiña a recollelas.¹³

Entre os seres ou persoas relevantes, atopamos a Heracles, quen anda na procura continua deste froito da inmortalidade. De onde xorden as afamadas mazás douradas? Resulta que estas foron un regalo de Xea, a terra, cara Hera, por mor do seu enlace con Zeus. A deusa atopounas tan fermosas que as cultivaría ao borde do océano, no seu xardín das hespérides, símbolo de fecundidade co seo da eterna primavera.¹⁴

Da outra beira do mar Mediterráneo, o deus Enki para o pobo sumerio, foi quen transformou a illa nun xardín rico en froitos e onde, entre outras, prohibiría inxerir de certas plantas prohibidas.¹⁵ Con posterioridade, Enki deriva en Ea, deusa da mitoloxía Acadia, Babilónica e nai de Adapa. A quen, tras certos sucesos, lle recomenda non aceptar ningún manxar. O deus Anu, ofreceulle o alimento e a auga da vida, mais declinou o convite e regresou a Eridu. Existe outra lenda que relata a ira contra Ea, ao descubrir que o consello ía encamiñado a privarlle da inmortalidade e trala caída, a humanidade coñeceu os efectos da enfermidade e da morte.¹⁶

1. 1. **Cultura nórdica.**

No norte europeo, naquelas que achamos, segue o mesmo pretexto como renovadora de vida. É vital para que os deuses prosigan conservándose e non envellezan. Por conseguinte, a deusa Iðunn mantíñase como a encargada de que todos os Aesir se mantivesen novos grazas as súas mazás.¹⁷

Mais o arquetipo narrativo de mazá milagreira como equivalente de problemas, ou onde aparece o engano, prosigue sendo continuo ás culturas xa analizadas, dado que nesta área prodúcese o rapto da citada deusa. A historia que protagoniza estes feitos e narra a desaparición da mesma coa influencia de Loki, pon en alerta aos deuses Aesir, quenes remataron por convocar unha asemblea coa finalidade de rescatar á mesma. Dado que os mesmos, fican preocupados pola posibilidade de morrer, ante a falla do froito e notar a vellez. A pesar de todo, o acto de rescate rematou de forma positiva, atopándonos novamente con Loki participativo neste novo acto.¹⁸ En último lugar, fai falla sinalar que, as mazás eran douradas, ademais de seren consideradas como transmisoras de vida ou inmortalidade e inclusive relacionadas coa fertilidade.

1. 1. **Pasado e actualidade de áreas célticas.**

Nas zonas cun pasado con substrato céltico, a transcendencia tamén é especialmente relevante. Considéranos como o froito por excelencia da tradición céltica, pois equivale simbolicamente ao froito do coñecemento e mais da vida eterna. Neste senso, o autor tamén apunta a que a maceira, árbore sacra entre os celtas, prevalece en gran cantidade na Insua de Pomorum, tamén coñecida como Avalon, que é o lugar no que habita a raíña Morgana e onde as susoditas permanecen dando froitos todo o ano.¹⁹ Noutras afirmacións, observamos que tanto as mazás como as noces asóciáanse á inmortalidade, ademais de que os druídas tiñan por costume colgar mazás douradas mentres durase o solsticio de inverno.²⁰

Se comezamos polas narracións das comarcas francesas, damos coa lenda Bretoa de Peronnik o idiota, na que o protagonista tenta facerse cun pote de ouro e máis coa lanza de diamantes do mago Rogéar. Entre as probas que se lle presentan e ten que pasar, inclúen aquelas nas que se deron morte a unha chea de cabaleiros, ou outra do noso interese na que había unha mazaira cargada de froitos e custodiada por un anano, quen portaba unha espada de lume capaz de reducir todo o que tocaba a cinzas. A esa árbore, á que acudían con asiduidade merlos e tordos, ficaría o anano atado cunha corda bendita, debido a que caera na trampa que planificara Peronnik. Cando o protagonista marcha á seguinte proba, porta con el unha mazá. Xa no final, debe atopar a unha dama, que representa ou é a peste. Grazas a ela, dáse conta que a maceira é un enxerto da árbore do ben e o mal, daquela que simplemente por comer do seu froito volve mortal ao inmortal.²¹ Polo tanto, a influencia relixiosa é moi grande nesta lenda: a árbore do Paraíso, a maceira custodiada, a presenza da espada de lume. Grazas ao froito pode volverse inmortal, como obxecto renovador de vida ou curación.

As lendas, entre as súas funcións, pretenden dotar de significación a certos sucesos ou explicar realidades. Na de La Groac'h da illa de Lok, reproducése que, en Lanillis, sempre houbo mazás máis doces que a mel. O título fai referencia a unha fada residente no lago maior dos Glénans, espazo que se caracteriza por ter grandes tesouros. O ser que protagoniza esta historia namórase da mesma fada, mais esta remata por convertelo en ra. A prometida del, que decide ir en busca, durante o transcurso vemos que transforma un pau de mazaira nun cabalo grande de labranza vermello.²² Visualízanse nesta narración máis símbolos católicos como os peixes, encrucilladas, cruz de prata... pero que non os trataremos ao non corresponderse con este estudo.

Se nos trasladamos cara outro sitio, naquel que Thomas Crofton recolle na súa obra, entornando as lendas e as tradicións das fadas no sur de Irlanda. Hai unha que leva por título: A cea do sacerdote. A xente boa, forma coa que se coñecen ás fadas, con anterioridade foran anxos botados do ceo cara a terra, a pesar de que os que tiñan máis pecados, descendesen cara un lugar peor. Estes seres, albiscan grazas do seu olfacto a chegada do sacerdote e escabúllense de inmediato. O pai Horrigan detívose na morada de Dermot Leary, quen entrou bendicindo a casa. Con todo, o anfitrión non tiña outra cousa máis que os restos das papas que estaba a cocinar

súa muller. Polo que, apresurándose, foi ollar a rede que puxera no río, atopándose coa gratitude da presenza dun salmón, pero tamén co infortunio de sentir que as fadas lle arrincaran a rede a man. As susoditas propuxéronlle un trato ao sacerdote: unha pregunta a cambio dunha boa cea. Aínda que nun primeiro momento se negou, ante a insistencia da fada, decidiu recoller a pregunta, pero sen querer ter nada que ver coa cea. Cando o veciño chegou ao seu fogar, atopou as papas por riba da mesa e viu como a súa muller lle entregaba a máis grande de todas as mazás, vermella e con bo aspecto, a cal botaba moito vapor. Dermot, entregou o seu encargo ao sacerdote, quen lle respondeu preguntando polo emisario, engadindo a continuación que fose onde a boa xente e lle pedise que se achegasen onde el, para poderlle responder. A pesar de todo, cando o veciño lles foi dar a resposta, fuxiron por un lado e o outro.²³ A pregunta destes seres condenados, era se alma da boa xente se salvaría o último día. Dende unha apreciación persoal, a mazá fervendo pode ser significativa, ao representar o pecado e a tentación.

Tres irmáns con outras tres irmás deciden casarse. A historia que involucra a estas parellas comeza un día no que as mesmas mulleres acoden á aldea a vender produtos, e tendo fortuna retíranse a unha taberna beber cervexas. Entre outros sucesos que ocorren, na taberna fan unha aposta con Lord Fermoy, que consistía en avergonzar aos seus maridos, a cambio de libras e anos de arrendamento gratuíto para a gañadora delas. A primeira que actuou fixo crer ao seu marido que estaba morto, a segunda fai gardar o loito ao irmán do defunto e faino pasar por diaño. Ante estas vicisitudes créase unha escena graciosa, pois levantouse o defunto e botou a correr para fuxir do diaño e como se levantou coas sabas, o irmán pensou que era a morte e correu tras del para que non se levara ao seu irmán. A terceira irmá, decidiu pasar por descoñecido ao marido, quen en busca do seu pelo, atopouse coa situación descrita. Propíciase un empate, deciden desempatar cun enigma sobre o reparto da mazá. Ao final, cun acordo previo entre elas, levan o premio as tres.²⁴ Sen nada significativo, unicamente apuntamos a unha nova historia sobre a combinación da presenza da presunta morte, diaño, problemas e mazá. Aínda que, moi probablemente a aparición dos pomos se deba á relevancia culinaria que nestas áreas sempre tivo a mesma.

1. 1. Contos tradicionais.

Como acabamos de ver, o mito crea a lenda e chega ao conto tradicional. Pero a mazá segue instaurada no maxín popular e forma tanto parte principal como secundaria dos mesmos. En Robin Hood, o mesmo dispara co seu arco a unha mazá pousada por riba dunha cabeza, tal e o como faría Guillermo Tell, coa variabilidade dunha ballesta, ao acertar na posta por riba da testa do seu fillo.

Para estudosos do conto tradicional, a mazá como tentación, quen cae no pecado.²⁵ Pero hai outras visións que introducen análises rechamantes de certos contos e que a continuación citamos.

O conto de Branca Neves, describe os celos da madrasta que sinte cara a fillastra, amais do intento de liberarse

dela, onde a maldade que fica deixada ao seu antollo, crece de forma inimaxinable. Os celos e a envexa converten á raíña nunha horrible bruxa, expóndose o mérito da amizade e o trunfo do amor.²⁶ Todas as ensinanzas recibidas han ser meditadas e delas, sacar as nosas conclusións, non sempre se debe confiar no que se nos conta, débese extraer o noso propio criterio, pois por momentos, o bocado, resultante de mandatos e condicionantes dos nosos maiores ou educadores, está envelenado. ²⁷

Para Bettelheim, a mazá, ao igual que as tres gotas de sangue ou o regalo dun anaco de tela branca ten unha connotación sexual. No mesmo parámetro, fala dunha versión francesa, o que se agasalla con poderes máxicos é unha mazá de ouro, unha clara reminiscencia da mazá do Edén, a cal representa a experiencia sexual.²⁸ Para el, tanto en mitos como en contos, a mazá é o símbolo do amor e do sexo, a mesma que se lle ofreceu a Afrodita ou a bíblica. En último lugar, dicir que remata dando a explicación deste conto das partes da mazá coa connotación sexual.²⁹

Na explicación morfolóxica que realiza Vladimir Propp sobre o conto, fala dalgúns entre os que se visualiza a aparición da prohibición da recollida de mazás, a existencia dun xardíns onde crecen mazás de ouro, un paxaro de lume que rouba as susoditas, o tratamento da mesma como obxecto máxico, ou a presenza da bruxa en posesión de mazás máxicas.³⁰ Con probabilidade, unha clara reminiscencia dos mitos tratados nun primeiro lugar neste apartado, así como do analizado ata entón.

1. Galicia

En Galicia non temos o noso conto de Branca Neves, pero si se repite o fin coa que se utilizou a mesma, a propiedade de asasinar a persoas. Sen ser un acto ficticio, pois sucedeu realmente, Sancho I de León faleceu en 966 ao ser envelenado, no mosteiro de Castrelo de Miño por parte dun conde, a través dunha mazá envelenada. De feito, o rei, recibiu sepultura no mesmo sitio, sendo trasladado posteriormente os seus restos á cidade de León.

A raíz da comprensión das lecturas, podemos considerar que Galicia non queda atrás nas consideracións vistas ata entón. Os mitos e as crenzas camúflanse nos contos e lendas. Como territorio de fervente relixiosidade, é sinxelo atopar referencias aos pasaxes bíblicos, polo que non quedamos orfos referente ao paraíso. Desta maneira, preséntase un conto sobre aquilo que inxerían os seres humanos no paraíso. Dado que os protagonistas non comían por non apagar a vida de ningún ser vivo, dedicábanse a libar flores, ata que deron coa primeira mazá, que era camoesa.³¹ Esta clase é orixinaria do territorio galaico.

Houbo unha vez un matrimonio pobre que se queixaba do traballo que pasaba por culpa de Adán. Un home ouviunos e preguntoulles por que se queixaban do primeiro home. Contestaron que se non houbese desobedecido ao Señor non terían por que andar ao frío, á chuvia e arrastrados polos camiños. O transeúnte

conduciunos a unha habitación, pódolles comida de toda clase. Dicíndolles que podían comer de todo, co condicionante de que non abrisen a caixa do centro da mesa. Dada a curiosidade e insistencia que se lle suscitaba á muller, ao cabo dos días fixo que o home accedese a abrila. Ao producirse o feito, escápase un rato. O home, ao darse conta, dilles que por faltar á súa palabra debían abandonar a mesa, aconsellando que non botasen a culpa a Adán de pasar todos os traballos que estaban pasando.³² Nesta historia, tal e como é obvio, a prohibición de abrir a caixa emula a de comer o froito da árbore prohibida.

Outra das lendas relixiosas que se recollen, sitúa a un home bondadoso da Limia paseando pola súa leira. Lugar onde collería unha mazá e remataría por comela. Non obstante, cando rematou por limpar a navalla, viu que se lle formara un tumor que medraba cada vez máis. A protuberancia acadou grandes proporcións, até que transcorridos nove meses desapareceu. Del, xurdiu unha fermosa nena que fuxiu. Mais cando a noite chegou, tivo a revelación de que a rapaza era a súa filla, quen ficaría a carón del. A nena é Santa Ana, avoa Cristo.³³ Esta lenda comparte o elemento coa divindade e a creación de vida.

O conto do príncipe lagarto narra sobre casamento entre o ser e unha das tres irmáns de orixe moi humilde. O príncipe, quen pola noite quitaba o traxe de lagarto, sentiuse vítima das maquinacións da súa nai, a raíña e máis da súa muller, ao desfacerse do traxe. Enfadado, percorreu o mundo adiante sen a prenda; ata que, chegado a un novo reino, coñeceu a mesma filla do rei, namorándose mutuamente. A primeira muller, desgustada polo suceso, foi buscalo polo mundo adiante, dando cunha anciá que a alertaría do inminente enlace. A vella, agasalloulle unha mazá, unha pera e unha laranxa; a fin de que se puxera nas escaleiras do palacio do rei. Xa alí, ao abrir a mazá, saíu unha roca e un fuso de ouro e brillantes, materiais dos que se encapricharía a princesa e accedería a cambialos a favor de que durmisse co noivo. Non obstante, a noiva deulle auga adormecida ao príncipe. O día seguinte, volveuse reiterar o mesmo suceso pero esta vez foi a pera quen se transformaría en sarillo de ouro con brillantes. Por mor dun garda, o príncipe remátase por darse conta do sucedido e ao terceiro día, ao transformarse a laranxa nunha tecedora de ouro e brillantes, o príncipe non bebe a auga que lle proporcionaba a noiva e tirla., mais o príncipe decide non responderlle á primeira esposa. Ao día seguinte, fala co rei e cun truco libérase do casamento, volvendo coa muller orixinaria.³⁴ Con este conto, podemos fiar paralelismos a dúas vertentes. Por un lado danos parecido aos afamados contos infantís, onde se presenta unha fada/bruxa/vella con coñecementos máxicos pero, ao ser má, agasalla unha mazá envelenada ou propicia que unha moza se pinche co fuso da roca. Pola outra, tanto os materiais nos que a poma se converte: roca e o fuso, a posesión de riquezas, o uso e transformacións de elementos propiedade da vella ou a súa relación coa natureza, acorda ás lendas galegas que circulan sobre o ser mirífico da moura. Personaxe asociada ao fiar, con elementos da natureza e posuidora tanto de riquezas como de poderes sobrenaturais. Polo que a narración non sería descartable que fose unha referencia a este personaxe galaico diviño; ou en outro caso, a unha fada como as de A bela durminte.

En último lugar, nárrese unha anécdota humorística dun estudante que chama á porta dun mosteiro para pasala noite. Os frades aceptan a visita e danlle de cear. O viaxante, nota aos frades poñerse nerviosos e pregunta a un deles pola súa inquietude. Un fálalle da disputa territorial entre dous mosteiros, do que o Arcebispo pide que porfien unicamente con xestos. O mozo préstalle axuda e vísteno de frade, quen presentándose no outro mosteiro, metérono nunha habitación chea de frades, clérigos e bispos. Situado nun extremo da mesa, comeza contra o correspondente a debater cos xestos: o contrario coloca un dedo no alto, o segundo dous, o contrincante tres. Mais, a continuación o estudante alzou a man pechada, o prior colleu unha mazá, ata que o mozo puxo a man e colleu un pan mostrándollo a toda a compañía, que aprobou o xesto e púxolle fin á disputa dándolla por gañada. En si pensan que o razoar é relixioso, ao pensar que un dedo equivale a un Deus, dous a pai e fillo, tres a pai fillo e espírito santo, e a man pechada que tres non son se non un; a mazá para dar a entender que Deus veu ao mundo e pan para dicir que nos deu o seu corpo. A pesar de todo, os argumentos que esgrimía o rapaz, non era eses, se non que pensaba que se estaban a ameazar con golpes.³⁵ Parada clave para explicar que a mazá representa a chegada do fillo de Deus á terra, a fin de redimir o pecado orixinal causado por comer Adán e Eva o froito da árbore prohibida.

1. **Conclusión.**

A mazá sempre resultou imprescindible dende o ámbito alimentario. Transcende ao longo de todo o mundo, sen importar latitudes, hemisferios ou climas, recreándose en innumerábeis pratos e comidas de todas as sociedades.³⁶

A análise das culturas descritas, lévanos a discernir o papel que xogaba a mazá nas formas narrativas correspondentes e a enlazar eixos comúns ou paralelismos que se chegan a producir entre elas. Así pois, nas relixións abrahámicas, chegamos á consideración de que a maza é sinónimo de pracer, paixón e vida. Onde se interpretan actos como a sensualidade, a fecundidade ou a inmortalidade que se reitera na cultura grega e romana, ademais da nórdica. Eternidade duradeira que incluso ten lugar no mundo céltico.

As mazás de ouro represéntanse nos proverbios de Salomón como algo de moito valor, equiparándoa coa palabra bendita. Non obstante, este froito áureo, tal e como aparecen no resto de mitoloxías analizadas, son motivos de conflitos, disputas e problemas. De feito, en varios contos, lendas e mitos, o froito pode establecerse como equivalente da tentación, do pecaminoso ou resultado da picaresca.

Tanto o proceso de romanización, como a influencia católica, espallan progresivamente as súas doutrinas naquelas áreas nas que van entrando. Nos lugares nos que toman o paso, non só se aceptan o que eles promulgan, tamén inflúe na composición das súas crenzas a relación comercial ou calquera outro tipo de contacto mantido cunha sociedade distinta. Quen, de forma obvia, impregna a súa propia cultura previa que conformaba o seu maxín popular.

Nos contos máis actuais, atopados en espazos con semente celta, é notoria a presenza do catedralicio, tal e como vimos durante o noso análise. Todos os arquetipos comentados que, polo de ata entón lle outorgamos á mazá, suceden nunha ou noutra narración. A mesma acepción se lle atribúe naqueles coñecidos por contos tradicionais.

Galicia, ao igual que o resto da xeografía celta, vese moi influenciada pola temática relixiosa. As narracións que atopamos na nosa terra, inclúen sucesos baseados nos pasaxes bíblicos, aceptándose a mazá como froito divino. É innegable dicir que conta cun ton propio, e non só referente a posibles identificadores idiosincráticos, con contos, lendas e historias autóctonas, que promulgan o seu carácter diferenciado. Mazás de orixe galega, a posible reminiscencia dun ser da nosa mitoloxía ou o asasinato de Sancho I de León así o demostran.

Bibliografía.

Adalid, Rafael (2021): «Serpes e dragóns. Paralelismos entre a tradición oral de Galicia e o norte peninsular», en Galicia Encantada nº. 17. Recuperado desde <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=3&id=3046>

Adalid, Rafael (2019): “A mazá,” *O Farelo. Novas do Eixo Atlántico*, novembro de 2019.

Alberro, Manuel (2004): *Diccionario mitológico y folklórico céltico*. (A Coruña: Briga edicións).

Blanco Albarova, Diego (2020): *Érase una vez el Evangelio en los cuentos*. (Madrid: Encuentro).

Bettelheim, Bruno (1994): *Psicoanálisis de los cuentos de hadas*. (Barcelona: Crítica).

Bucay, Jorge (2017): *Cuentos clásicos para conocerte mejor*. (Barcelona: Espasa).

Cotterell, Arthur (2008): *Mitos. Diccionario de mitología universal*. (Barcelona: Editorial Ariel).

Cotterell, Arthur (1988): *Mitología Universal*. (Madrid: Akal).

Crofton Croker, Thomas (2019): *Leyendas y tradiciones de las Hadas en el Sur de Irlanda*. (Sojourner books).

De la Plaza Escudero, Lorenzo, et al. (2020): *Guía para identificar los santos de la iconografía cristiana*. (Madrid: Ediciones Cátedra).

- Díaz Sánchez, Carlos (2018): *Breve historia de la mitología nórdica*. (Editor digital: FLeCos).
- Espejo José Luis e Méndez Diego (2022): *El árbol de los mitos*. (Barcelona: Editorial Base)
- Gaiman, Neil (2017): *Mitos nórdicos*. (Barcelona: Editorial Planeta).
- García-Lluis Ros. (2010): *Cuentos y leyendas de la Bretaña*. (Madrid: Miraguano Ediciones).
- Gauding, Madonna (2017): *La biblia de los signos y de los símbolos*. (Madrid: Gaia Ediciones).
- González Reboredo, Xosé Manuel & Villar, Manuel (2005): *Galicia de cuento*. (A Coruña: Hércules de Ediciones).
- Grimal, Pierre (1981): *Diccionario de mitología griega y romana*. (Barcelona: Editorial Paidós).
- Hagen, Rainer e Hagen Rose Marie (2021): *Los secretos de las obras de arte*. (Köln: Taschen).
- Lehner, Ernst and Lehner, Johanna (2020): *Devils, demons and witchcraft*. (Garden City, New York: Dover publications).
- López Cuevillas, Florentino e Lourenzo Fernández, Xoaquín (1930): *Vila de Calvos: Motas etnográficas e folclóricas*. (Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos).
- Markale, Jean (2008): *Pequeño diccionario de mitología céltica*. (Palma de Mallorca: José J. de Olañeta, Editor).
- Markale, Jean (2006): *Los rebeldes de Dios*. (Buenos Aires, Argentina: El Ateneo).
- Mosquera, Miguel (2011): *Lendas de Ourense*. (Ponte Caldelas: Edicións do cumio).
- Propp, Vladímir (2020): *Morfología del cuento*. 8º reedición. (Madrid: Akal).
- Reigosa, Antonio e Miranda, Xosé (2002): *Cando os animais falaban*. (Vigo: Xerais).
- Rosaspini, Roberto (2003): *Cuentos mágicos irlandeses. Relatos celtas de hadas y duendes*. 2º ed. (Argentina: Ediciones Continente).
- Souvestre, Emile (2021): *Cuentos y leyendas populares de Bretaña*. (Italia: Amazon).

Notas

- 1□ Alberro, M. (2004): Diccionario mitológico y folklórico céltico. (A Coruña: Briga Edicións), 30.
- 2□ Markale, J. (2006): Los rebeldes de Dios. (El Ateneo: Buenos Aires, Argentina), 69-84.
- 3□ Ibídem, 70-1
- 4□ De la Plaza Escudero, L. et al. (2020): Guía para identificar los santos de la iconografía cristiana. (Madrid: Ediciones Cátedra), 38-40.
- 5□ Lehner E. and Lehner, J. (2020): Devils, demons and witchcraft. (Garden City, New York: Dover publications), 132.
- 6□ Hagen R. and R-M. (2021): Los secretos de las obras de arte. (Köln: Taschen), 246-51.
- 7□ Markale, J. (2006): Los rebeldes de Dios. (El Ateneo: Buenos Aires, Argentina), 51-8.
- 8□ Adalid, R. (2021): Serpes e dragóns. Paralelismos entre a tradición oral de Galicia e o norte peninsular, Galicia Encantada nº. 17.
- 9□ Gauding, M. (2017): La biblia de los signos y de los símbolos. (Madrid: Gaia Ediciones), 287.
- 10□ Hagen R. and R-M. (2021): Los secretos de las obras de arte. (Köln: Taschen), 212-7.
- 11□ Bettelheim, B. (1994): Psicoanálisis de los cuentos de hadas. (Crítica: Barcelona), 47.
- 12□ Cotterell, A. (1988): Mitología Universal. (Akal: Madrid), 13.
- 13□ Grimal, P. (1979): Diccionario de mitología griega y romana, 6ª ed. (Barcelona: Paidós), 273.
- 14□ Ibídem, 238.
- 15□ Cotterell, A. (2008): Mitos. Diccionario de mitología universal. (Ariel: Barcelona), 32-3.
- 16□ Ibídem, 21.
- 17□ Díaz Sánchez, C. (2018): Breve historia de la mitología nórdica. (Editor digital: FLeCos), 78.
- 18□ Ibídem, 91-3. Gaiman, N. (2017): Mitos nórdicos. (Editorial Planeta: Barcelona) 163-80.
- 19□ Markale J. (2008): Pequeño diccionario de mitología céltica. (José J. de Olañeta: Palma de Mallorca), 13, 102.
- 20□ Espejo, J. L. and Méndez, D. (2022): El árbol de los mitos. (Editorial Base: Barcelona), 189, 327.
- 21□ García-Lluis, R. (2010): Cuentos y leyendas de la Bretaña. (Madrid: Miraguano Ediciones), 129-45.
- 22□ Emile Souvestre (2021): Cuentos y leyendas populares de Bretaña. (Italia: Amazon), 106-25.
- 23□ Crofton Croker, T. (2019): Leyendas y tradiciones de las Hadas en el Sur de Irlanda. (Sojourner books), 17-20. Traducido por Daniel Bernardo.
- 24□ Rosaspini, R. (2003): Cuentos mágicos irlandeses. Relatos celtas de duendes y hadas. 2ª Ed. (Ediciones Continente: Buenos Aires) 91-106. O autor expón que o relato está incluído de Jeremiah Curtin, Tales of the fairies and of the Ghost World cuxa primeira edición é de 1899 e o conto recollido en Kerry.
- 25□ Blanco Albarova, D. (2020): Érase una vez el Evangelio en los cuentos. (Encuentro: Madrid), 69.

- 26□ Bucay, J. (2017): Cuentos clásicos para conocerte mejor. (Espasa: Barcelona), 371.
- 27□ Ibídem, 375
- 28□ Bettelheim, B. (1994): Psicoanálisis de los cuentos de hadas. (Crítica: Barcelona), 168-9.
- 29□ Ibídem, 250
- 30□ Propp, V. (2020): Morfología del cuento. 8º re. (Madrid: Akal)
- 31□ Reigosa, A. e Miranda, X. (2002): Cando os animais falaban. (Edicións Xerais: Vigo), 87.
- 32□ González Reboredo X. M., Quintáns M. (2005): Galicia de Cuento. (Hércules Ediciones: A Coruña), 154.
Alude á seguinte bibliografía: Centro de estudos Fingoy, 1972 (2ªed.): Contos populares da provincia de Lugo, Ed. Galaxia, Vigo.
- 33□ Mosquera, M. (2011): Lendas de Ourense. (Editorial Cumio: Ponte Caldelas), 321.
- 34□ López Cuevillas, F. e Lourenzo Fernández, X. (1930): Vila de Calvos: Motas etnográficas e folclóricas. (Seminario de Estudos Galegos: Santiago de Compostela). González Reboredo X. M., Quintáns M. (2005): Galicia de Cuento. (Hércules Ediciones: A Coruña), 104-7.
- 35□ González Reboredo X. M., Quintáns M. (2005): Galicia de Cuento. (Hércules Ediciones: A Coruña), 316-7. Quen a súa vez cita a Carré Alvarellos, L, (s/a): Contos populares da Galiza, Museu de Etnografía e historia, Porto.
- 36□ Adalid R. (2019): “A mazá,” *O Farelo. Novas do Eixo Atlántico*.

Adalid Rodríguez, Rafael José: Mitos, lendas e contos da mazá, universalización e Galicia (PDF)